



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

meteogalicia

Informe climatolóxico xullo 2012

INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE XULLO DE 2012



ÍNDICE

1	DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	9
4.1.	Temperatura máxima media mensual.	9
5	Temperatura mínima media mensual.	10
5.1.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 xullo.	11
5.2.	Evolución da temperatura media no período 1961-2012.	15
6	PRECIPITACIÓN	16
6.1.	Precipitación acumulada mensual xullo 2012	16
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
6.3.	Días de chuvia en xullo de 2012	18
6.4.	Evolución da precipitación en xullo de 2012	20
7	VENTO	21
8	RADIACIÓN SOLAR	24
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	24
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	25
9	RAIOS	25

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 9/08/2012



Mes seco con temperaturas por debaixo do normal.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xullo estivo marcado no meteorolóxico por dúas situacións ben distintas entre si.

Se partimos o mes en dous, poderemos ver cómo a primeira quincena do mes estivo claramente dominada polos ventos de compoñente oeste.

Entre os días 1 e 8, unha borrasca perenne na zona das Illas Británicas e o anticiclón dos Azores, afastado cara ao oeste, determinaron un fluxo de ventos marítimos, que trouxeron moitas nubes, chuvias e temperaturas baixas ou moi baixas para a época.

As xornadas comprendidas entre o 4 e o 7 foron chuviosas en gran parte de Galicia. Entre o día 8 e o día 11, os ventos dominantes foron de compoñente norte, polo que a maior nebulosidade e a ocorrencia de chuvias febles e illadas quedaron limitadas ao terzo norte, coas temperaturas mantendo valores impropios para un mes de xullo. Xa entre os días 12 e 14 volveron a dominar os ventos de compoñente oeste, cunha última fronte atravesando a Comunidade o día 13 que deixou precipitacións, localmente significativas na metade oeste e temperaturas por debaixo da media.

A partir do día 15 a situación cambiou por completo. A zona de aire frío no Atlántico Norte desprazouse cara ao norte, o que facilitou a suba do anticiclón tamén cara ao norte e propiciou un cambio total do tempo en Galicia. Entre os días 15 e 18, ademais de sol, tivemos un ascenso importante das temperaturas, con valores que se achegaron aos 35°C na meirande parte da Comunidade o día 17, mesmo achegándose perigosamente aos 40°C nalgúns puntos do Val do Miño. Os días 19 e 20 de xullo as temperaturas descenderon, pero, agás nalgunhas zonas puntuais do terzo norte, non houbo precipitacións en Galicia.

O segundo episodio de intensa calor viviuse entre os días 21 e 26, aínda que nesta ocasión as temperaturas non foron tan extremas como as do día 17. Este período de tempo estivo ademais caracterizado pola aparición de dous fenómenos meteorolóxicos: as néboas no litoral oeste e as treboadas no interior. As néboas apareceron no litoral oeste na xornada do 24 e non se foron ata ben entrada a xornada do 27, deixando alí un ambiente fresco e húmido. A partir do 24, foi entrando aire frío en capas medias e altas de atmosfera,



acentuando a inestabilidade atmosférica. Deste xeito, as treboadas fixeron acto de presenza dende o día 25 ata o día 27, sendo a xornada do 25 a de máis actividade eléctrica, con case 5000 raios contabilizados sobre Galicia. Ese aire frío foi rompendo a hexemonía do anticiclón, que se volveu afastar cara ao oeste, de tal xeito que a partir do día 28 os ventos pasaron a ser de compoñente norte, alonxando a masa de aire cálido de Galicia e consecuentemente provocando un importante, pero breve, descenso das temperaturas e a aparición do líquido elemento nalgunhas zonas dispersas do norte de Lugo e da Coruña.

Os últimos días do mes quedaron marcados pola influencia anticiclónica e pola recuperación dos valores térmicos despois do último descenso sufrido, volvendo as néboas ao litoral oeste xusto o último día do mes.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Os mapas de anomalías de presión en superficie (figura 1) e máis de xeopotencial (figura 2), amosan con claridade a existencia de presións máis baixas e de aire máis frío do normal no noroeste de Europa, o que explica a frecuente presenza de borrascas circulando por esa zona. Pódese ver cómo, pola contra, as altas presións foron máis fortes e o aire máis cálido do normal tanto na zona occidental do arquipélago dos Azores como, sobre todo, no Atlántico Norte, no entorno de Islandia e Grenlandia. Esta configuración ilustra perfectamente a situación acontecida en Galicia, especialmente durante os primeiros 15 días, co anticiclón afastado, ventos predominantes de compoñente oeste e masas de aire fresco provenientes do Atlántico.



Anomalías de presión a nivel medio do mar Xullo 2012




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, xullo de 2012.

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa. Xullo 2012




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, xullo de 2012.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	XULLO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.5	18.7	20.2 (1999)	17.2 (1977)
Tª mínima media	15.5	15.6	17.0 (1999)	14.0 (1978)
Tª mínima absoluta	12.4 (día 12)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	18.1 (día 26)	20.2 (23/07/1990)		
Tª máxima media	22.0	21.8	24.1 (1976)	19.8 (1977)
Tª máxima absoluta	27.9 (día 17)	33.6 (19/07/1989)		
Tª máxima máis baixa	19.1 (día 10)	16.0 (09/07/1981)		
Precipitación acumulada	35	13-31	100 (1971)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	7	5	11 (1988)	1 (1999)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que o mes presentouse cálido para as temperaturas máximas.

A chuvia rexistrada foi lixeiramente superior ó rango de valores normais esperados, polo que o mes considérase húmido, isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superiores ó agardado.

**SANTIAGO**

	XULLO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.8	19.7	21.9 (1989)	18.3 (1988)
Tª mínima media	13.0	14.4	15.7 (1989)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	8.8 (día1)	8.0 (01/07/1990)		
Tª mínima máis alta	16.9 (día 25)	21.9 (22/07/1990)		
Tª máxima media	23.7	25.0	28.5 (1990)	22.0 (1983)
Tª máxima absoluta	34.7 (día 17)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	18.2 (día 6)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	29	19-40	92 (1995)	2 (1992)
Días de chuvia (≥1mm)	6	5	12 (1995)	1 (1993)

Comentario: Tendo en conta as temperaturas máximas o mes considérase frío, mentres que é moi frío para as temperaturas mínimas e medias.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para a precipitación, mentres que o número de días de chuvia supera en unha unidade o valor climático agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	XULLO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.8	19.1	21.8 (1999)	16.2 (1980)
Tª mínima media	12.3	13.3	15.9 (1999)	9.1 (1980)
Tª mínima absoluta	5.6 (día 1)	4.0 (17/07/1980)		
Tª mínima máis alta	16.0 (día 25)	26.0 (28/07/1989)		
Tª máxima media	25.3	25.0	28.6 (1990)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	35.9 (día 17)	39.0 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	18.4 (día 7)	15.0 (30/07/1991)		
Precipitación acumulada	9	18-27	134 (1971)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	3	4	10 (1977)	0 (1986)

Comentario: Mes moi frío para as temperaturas mínimas e medias, mentres que se considera normal en canto as temperaturas máximas.

A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais polo que o mes considérase seco, o número de días de chuvia tamén é menor que o valor climático agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	XULLO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.9	19.9	22.3 (1989)	18.1 (1977)
Tª mínima media	14.1	14.3	16.2 (1989)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	9.7 (día 1)	7.6 (03/07/1997)		
Tª mínima máis alta	17.0 (día 27)	19.6 (23/07/1990)		
Tª máxima media	24.1	25.5	28.3 (1989)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	33.4 (día 17)	36.4 (27/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	19.0 (día 5)	17.0 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	24	17-40	161 (1971)	0 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	4	4	11 (1995)	0 (1993)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que é normal para as temperaturas mínimas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais agardados, así mesmo, o número de días de chuvia é o esperado.

OURENSE

	XULLO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	21.1	22.1	25 (1989)	19 (1977)
Tª mínima media	13.2	14.6	16.8 (1979)	11.8 (1974)
Tª mínima absoluta	7.3 (día 1)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	17.6 (día 25)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	30.0	29.7	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	39.4 (día 17)	42.7 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	22.3 (día 5)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	11	8-17	54 (1977)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	1	3	7 (2000)	0 (1986)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas, mentres que é frío para as temperaturas medias e normal para as temperaturas máximas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, mentres que o número de días de chuvia é inferior ó valor climático agardado.

4 TEMPERATURA

A media das temperaturas quedou en xeral en toda a Comunidade en valores por debaixo dos normais para este mes. Como vimos, e malia que tivemos dous episodios de calor intensos, as temperaturas mínimas rexistradas ao longo de todo o mes, e máis as temperaturas máximas tan baixas acadadas durante a lo menos a primeira quincena, non puideron compensar os valores tan altos rexistrados nalgunhas xornadas, destacando especialmente a do 17.

4.1. Temperatura máxima media mensual.




Figura 3: Mapa de temperatura máxima media do mes de xullo de 2012.



5 Temperatura mínima media mensual.




Figura 4: Mapa de temperatura mínima media do mes de xullo de 2012.



5.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 xullo.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xullo respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia. Destaca que non se acadan valores superiores ó 0.5°C de anomalía positiva.

Anomalías máis altas de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Baltar	Baltar	Ourense	0.4
Oímbra	Oímbra	Ourense	0.3
Verín-Vilela	Verín	Ourense	0.0
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	0.0
Verín-Vilamaior	Verín	Ourense	0.0
Xurés	Muiños	Ourense	-0.1
Aldea Nova	Narón	A Coruña	-0.2
Fragavella	Abadín	Lugo	-0.2
Riós	Riós	Ourense	-0.3
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-0.3

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xullo de 2012.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de MeteoGalicia, con respecto ao período climático 1971-2000.

Anomalías máis baixas de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Corrubedo	Ribeira	A Coruña	-2.3
Castrelo	Cambados	Pontevedra	-2.3
Barrantes	Ribadumia	Pontevedra	-2.3
Pazo de Fontefiz	Coles	Ourense	-2.2
Sálvora	Ribeira	A Coruña	-2.2
Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	-2.2
Tremoedo	Vilanova de Arousa	Pontevedra	-2.2
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	-2.2
Torrequeintáns	Meis	Pontevedra	-2.1
Lira	Carnota	A Coruña	-2.1

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xullo de 2012.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2012 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. O día 17 de xullo foi con diferenza o máis caloroso do mes no que se superaron en moitas localidades os 30°C.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2012 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
17/07/2012	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	41.3
17/07/2012	Remuíño	Arnoia	Ourense	40.9
17/07/2012	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	40.8
17/07/2012	Ourense	Ourense	Ourense	39.4
17/07/2012	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	38.7
17/07/2012	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	37.8
17/07/2012	Oímbra	Oímbra	Ourense	37.5
17/07/2012	Verín-Vilela	Verín	Ourense	37.5
17/07/2012	As Petarelas	Rubiá	Ourense	37.1
17/07/2012	Larouco	Larouco	Ourense	37.1

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2012 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2012 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
17/07/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	33.9
17/07/2012	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	32.6
17/07/2012	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	31.0
17/07/2012	Xurés	Muiños	Ourense	31.0
17/07/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	30.4
17/07/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	29.9
17/07/2012	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	29.6
17/07/2012	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	29.3
17/07/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	28.2
24/07/2012	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	26.9

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2012 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2012 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Apréciase en ambas táboas que o día 1 foi o máis frío do mes de xullo, con temperaturas mínimas próximas as invernaís.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2012				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
01/07/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.4
01/07/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	0.9
01/07/2012	Xares	A Veiga	Ourense	1.0
01/07/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.5
01/07/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	2.3
01/07/2012	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	2.9
01/07/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	3.0
01/07/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	3.4
01/07/2012	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.6
01/07/2012	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.8

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2012 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2012				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
01/07/2012	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	1.0
01/07/2012	Lanzós	Vilalba	Lugo	1.0
01/07/2012	Montederramo	Montederramo	Ourense	1.7
01/07/2012	Verín-Vilela	Verín	Ourense	1.8
12/07/2012	Baltar	Baltar	Ourense	2.4
01/07/2012	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	4.0
01/07/2012	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	4.0
01/07/2012	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	4.1
01/07/2012	Fragavella	Abadín	Lugo	4.3
16/07/2012	Tioira	Maceda	Ourense	4.5

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2012 altitude inferior a 1000m.



5.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2012.




Figura 6: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para xullo.




Figura 7: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para xullo.

Destaca na temperatura media rexional unha anomalía negativa de -1.4°C , sendo o cuarto xullo máis frío dende o ano 1961.

6 PRECIPITACIÓN

A precipitación foi en xeral menos abundosa do agardado para este mes, aínda que en días de chuvia se pode considerar normal en relación aos datos das principais cidades e capitais de provincia. A anomalía é máis destacada na zona montañosa do leste de Galicia e no Miño de Ourense, con porcentaxes de entre o 0 e 20% do acumulado normalmente.

6.1. Precipitación acumulada mensual xullo 2012




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xullo de 2012.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de xullo de 2012.



6.3. Días de chuvia en xullo de 2012

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 4.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de xullo de 2012.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xullo.

Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2012 (L/m ²)			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	73
Muralla	Lousame	A Coruña	69
Cespón	Boiro	A Coruña	58
Coto Muiño	Zas	A Coruña	56
Labrada	Abadín	Lugo	56
Melide	Melide	A Coruña	55
Pereira	Forcarei	Pontevedra	54
A Gándara	Vimianzo	A Coruña	54
Castrove	Poio	Pontevedra	49
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	49

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xullo de 2012.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Cespón	Boiro	A Coruña	37	12/07/2012 14:10
Muralla	Lousame	A Coruña	34	12/07/2012 15:10
Oímbra	Oímbra	Ourense	31	25/07/2012 16:50
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	31	24/07/2012 19:10
PFontefiz	Coles	Ourense	29	25/07/2012 9:20
Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	29	26/07/2012 0:00
Vilela	Verín	Ourense	29	25/07/2012 17:40
Verín	Verín	Ourense	28	25/07/2012 17:50
Fontaneira	Baleira	Lugo	27	24/07/2012 19:00
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	25	13/07/2012 4:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xullo de 2012.



6.4. Evolución da precipitación en xullo de 2012




Figura 11: Evolución da precipitación acumulada en xullo respecto ó período 71-00.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xullo respecto ó período 71-00.



7 VENTO

Unicamente houbo un lugar no que se acadaron refachos superiores ós 100 km/h. Foi na estación de Punta Candieira situada no concello de Cedeira, cun rexistro de 109.3 km/h o día 13 de xullo de 2012.

Nas táboas seguintes preséntase un resumo no que se inclúen a rosa dos ventos das estacións meteorolóxicas escollidas, a velocidade media mensual, o refacho máximo (km/h) e a porcentaxe de calmas.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	62.5	NE	13		
		Día 13				
Punta Candieira	Cedeira	109.3	NE	13		
		Día 13				
Malpica	Malpica	72.8	E	4		
		Día 13				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	68.0	N	10		
		Día 13				
Río do Sol	Coristanco	53.2	N	2		
		Día 1				

Táboa 9: Resumo do vento no mes de xullo de 2012 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	79.3	SE	8		
		Día 13				
Ancares	Cervantes	72.8	NE	13		
		Día 26				

Táboa 10: Resumo vento no mes de xullo de 2012 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	64.3	E	16		
		Día 26				
Alto do Rodicio	Maceda	62.7	NE	8		
		Día 26				
Gandarela	Celanova	55.8	NO	27		
		Día 26				

Táboa 11: Resumo do vento no mes de xullo de 2012 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	62.9	NO	21		
		Día 26				




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	58.1	NO	6		
		Día 13				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de xullo de 2012 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



1575 1945 2315 2686

Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xullo de 2012.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 5780 raios en Galicia.

A xornada do día 25 de xullo foi especialmente treboenta, rexistrándose en Galicia 4876 raios. Os raios detectados este día móstranse na figura 15, as zonas máis afectadas foron as do interior galego e principalmente a provincia de Lugo, como se observa na figura 17.

Na figura 16 móstrase a distribución dos raios neste mes.




Figura 15: Raios detectados o día 25 de xullo de 2012




Figura 16: Número de raios rexistrados en Galicia en xullo de 2012.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 17: Número de raios rexistrados por provincias en xullo de 2012.

MeteoGalicia
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 7

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima	Media hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																										
A Gándara	15.5	19.1	29.2	17	12.7	10.3	1	54	15.0	5	-52	87	98	72	49	226	1922	5	19	972	15	0				
Aldea Nova	17.0	21.2	29.5	17	13.5	9.8	1	42	12.3	7	-81	82	95	65	45	208	1934	2	15	987	10	0				
Cespón	19.0	24.7	32.4	17	13.6	8.6	1	58	36.6	13	-94	75	93	55	61	279	2225	2	11	1014	8	0				
CIS Ferrol	18.3	22.9	30.1	17	14.4	10.3	12	48	11.6	5	-81	83	99	64	55	255	2046	3	14	1015	9	0				
Corrubedo	17.9	22.2	30.7	16	14.2	11.6	1	17	6.1	13	-128	78	92	62	61	278	2273	3	14	1015	8	0				
Coruña	18.5	22.0	27.9	17	15.5	12.4	12	35	13.2	5	-	75	90	60	-	-	-	-	-	-	-	-	11	0		
Costa	18.0	24.4	35.2	17	12.5	7.7	1	9	5.4	7	--	75	93	52	-	-	-	1	15	-	-	-	9	0		
Coto Muiño	16.3	22.1	32.2	17	10.6	4.7	1	56	21.0	13	-	86	100	64	-	-	-	1	10	-	-	-	20	0		
Fontecada	16.6	22.1	32.6	17	11.9	6.4	12	40	17.0	13	-	82	97	60	54	250	2078	3	12	977	16	0				
Guísamo	17.6	22.1	29.2	23	13.5	9.7	12	9	2.4	7	--	76	93	57	-	-	-	1	13	-	-	-	10	0		
Lesende	17.9	23.0	33.3	17	13.2	8.8	1	17	9.0	13	-129	73	90	54	58	265	2162	1	15	-	-	-	7	0		
Lira	17.5	21.2	30.1	17	14.5	12.1	1	14	7.8	13	-123	80	93	63	60	277	2214	4	17	-	-	-	8	0		
Lobeiras	17.8	20.6	28.4	17	15.5	13.2	12	-	-	5	-	80	91	67	61	278	2220	5	17	-	-	-	-	0		
Mabegondo	17.7	23.0	29.9	23	11.9	6.8	12	10	2.5	8	-123	77	91	59	53	243	2047	2	15	1008	7	0				
Malpica	16.5	19.6	23.5	25	14.2	10.7	12	20	5.1	7	-92	87	96	74	59	271	2182	5	20	1000	14	0				
Marco da Curra	14.9	19.6	30.1	17	11.2	7.9	12	41	8.6	13	-72	84	96	68	47	217	1879	4	19	945	15	0				
Melide	16.9	24.0	33.9	17	10.7	5.0	1	55	16.5	26	-82	78	97	54	52	240	2058	2	13	964	9	0				
Muralla	15.3	19.5	29.7	17	11.5	8.4	1	69	34.0	13	-53	84	96	66	57	263	2184	6	19	943	11	0				
O Val	17.7	22.2	29.9	17	13.1	8.7	12	20	8.5	14	-	78	93	60	-	-	-	1	11	1011	8	0				
Olas	16.0	21.8	31.9	17	11.0	6.7	12	18	8.3	7	-	84	98	62	55	253	2125	-	-	-	-	-	9	0		
Paramos	16.7	21.3	30.9	17	12.5	8.6	1	35	12.3	13	-	--	--	--	-	-	-	--	-	--	--	--	14	0		
Pazo de Galegos	18.2	24.4	34.7	17	12.8	6.9	1	8	3.0	5	-119	72	90	50	46	212	1979	1	7	992	7	0				
Punta Candieira	16.5	19.3	29.9	17	14.3	11.9	1	26	11.2	7	-100	80	92	66	55	252	2124	6	30	989	10	0				
Raído-Arzúa	16.9	23.3	34.1	17	11.0	6.0	12	34	9.2	7	--	80	97	56	-	-	-	-	-	976	13	0				
Río do Sol	15.3	19.9	30.2	17	11.7	8.4	1	34	7.7	5	-79	86	98	67	51	235	2046	5	15	957	17	0				
Rus	17.0	22.1	30.2	17	11.8	7.8	16	6	2.3	5	-	79	95	59	-	-	-	-	-	1003	6	0				
Sabón	17.6	20.1	23.1	23	14.7	11.4	16	27	9.6	7	-113	78	88	67	59	274	2266	4	19	-	-	-	12	0		
Sálvora	17.8	20.3	26.6	16	15.6	13.5	12	22	6.2	7	-115	82	91	69	68	309	2434	4	15	-	-	-	10	0		
Santiago-EOAS	17.8	23.7	34.7	17	13.0	8.8	1	29	11.6	7	-95	80	97	58	27	124	2011	2	13	990	12	0				
Sergude	18.0	24.0	34.3	17	12.8	7.6	1	18	7.1	13	-	78	96	56	49	226	2059	-	-	-	-	-	7	0		
Serra da Faladoira	14.7	18.5	29.4	17	11.7	8.8	11	49	12.4	13	-52	90	99	73	42	192	1913	5	25	953	14	0				
Xanceda	16.3	22.0	32.4	17	11.7	6.9	12	4	1.6	7	-	79	94	59	-	-	-	1	14	-	-	-	5	0		

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 7

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2 Med Abs Día	BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión Media hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día			Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima		Choiva	Xeada	
Lugo																								
A Pontenova	15.8	21.0	30.1	26	12.2	8.1	1	8	2.5	10	-	88	100	64	39	181	1739	-	-	-	10	0		
Abradelo	16.5	23.8	33.2	17	10.8	4.5	1	21	9.9	5	-	75	95	50	58	265	2282	-	-	-	8	0		
Alto de Cerredo	15.1	20.1	29.9	17	10.8	5.9	1	40	19.0	25	--	--	--	--	-	-	-	2	14	911	9	0		
Alto do Faro	15.3	20.7	30.7	17	10.4	4.9	1	30	8.4	26	-	78	96	54	-	-	-	2	13	924	0	0		
Alto do Poio	14.8	19.1	28.3	17	10.6	3.8	1	34	--	--	-	72	93	51	-	-	-	2	16	-	0	0		
Ancares	14.1	18.9	28.4	17	9.6	3.0	1	26	9.2	5	-118	72	88	52	59	271	2225	3	20	868	11	0		
Bóveda	18.7	27.2	36.4	17	11.5	5.2	1	7	2.2	26	-	67	92	37	63	289	2316	-	-	-	8	0		
Burela	15.4	18.5	27.5	26	13.3	10.6	1	16	3.7	5	-80	87	97	71	37	170	1702	4	22	971	12	0		
Campus Lugo	17.8	25.3	35.9	17	12.3	5.6	1	9	3.2	7	--	73	92	44	48	221	2101	2	10	971	8	0		
Castro R. de Lea	16.9	23.6	35.0	17	11.4	5.1	1	11	6.3	7	-	79	98	53	50	229	2067	-	-	971	8	0		
Conchada	17.9	25.7	35.2	17	11.7	5.6	1	10	5.9	25	-	70	93	42	61	280	2368	-	-	-	6	0		
Corno do Boi	15.1	21.0	31.7	17	10.7	7.0	1	25	8.6	7	-102	82	98	59	50	231	2076	3	19	-	10	0		
Courel	17.6	24.9	33.9	17	11.6	5.3	1	15	3.2	5	-149	67	89	41	61	278	2251	2	24	930	6	0		
Fontaneira	14.9	20.5	30.0	17	10.3	4.7	1	9	3.3	14	-121	82	97	61	52	-	2130	1	-	-	5	0		
Foz	17.9	21.7	29.5	26	14.2	8.1	1	11	6.0	7	-	83	96	67	47	217	1988	-	-	-	13	0		
Fragavella	14.6	18.5	28.8	17	10.9	4.3	1	23	4.4	7	-77	87	98	69	41	188	1777	3	20	950	17	0		
Guitiriz	15.5	21.3	32.6	17	11.3	8.5	1	20	6.8	7	-100	84	97	63	44	205	1944	3	16	941	17	0		
Labrada	14.7	19.0	30.6	17	11.2	6.8	1	56	14.0	13	-54	84	97	66	41	190	1882	2	18	-	12	0		
Lanzós	15.2	21.8	32.7	17	9.4	2.7	12	12	5.3	25	--	79	95	57	-	-	-	1	19	964	8	0		
Lourenzá	18.3	23.7	33.5	26	13.5	6.7	1	9	2.2	10	-	77	93	56	-	-	-	1	13	-	11	0		
Marroxo	17.8	25.6	35.0	17	12.1	7.8	1	9	7.8	26	-148	70	92	39	52	238	2200	2	13	946	5	0		
Millara	20.7	30.8	41.3	17	13.3	7.6	1	31	29.0	26	-	66	92	34	-	-	-	1	16	-	4	0		
Mourelle	18.3	27.2	36.6	17	10.9	4.5	1	7	3.4	5	-140	73	96	43	51	236	2104	1	10	970	8	0		
O Cebreiro	14.4	20.9	29.3	17	9.2	3.6	1	18	5.8	7	--	81	98	60	56	256	2227	4	21	873	8	0		
O Xipro	15.7	22.5	32.9	17	10.5	5.2	1	43	30.6	25	-	80	97	54	46	214	2021	2	15	929	13	0		
Olveda	16.7	24.0	34.7	17	10.7	6.1	1	17	5.0	26	-132	76	96	47	54	248	2221	2	10	-	7	0		
Pedro Murias	18.2	21.4	27.0	26	14.7	11.1	12	14	4.2	7	-109	77	89	63	45	210	1868	2	21	1014	9	0		
Penedo do Galo	14.9	18.7	29.7	17	12.3	9.4	1	23	4.7	5	-	84	95	66	39	182	1750	-	-	-	21	0		
Pol	15.6	22.0	33.1	17	11.0	5.7	1	13	3.2	6	-	82	98	54	50	232	2007	-	-	-	9	0		
Portomarín	17.6	26.0	36.2	17	11.2	5.9	12	11	4.0	7	-	72	94	41	53	242	2172	-	-	968	9	0		
Sambreixo	16.2	23.2	34.3	17	10.0	4.0	1	18	6.0	7	-	77	95	51	43	200	1818	-	-	-	10	0		
San Clodio	20.6	29.0	38.7	17	12.8	7.2	1	10	5.8	25	-	64	92	35	-	-	-	1	7	988	7	0		
San Fiz	18.6	26.0	35.2	17	12.8	7.4	1	13	11.0	26	-156	68	90	40	52	241	2316	2	16	973	6	0		
Sobrecedo	18.2	25.9	35.5	17	12.4	7.8	1	14	8.7	26	-	69	89	40	-	-	-	1	12	972	4	0		
Ventosa	15.5	22.1	31.7	17	10.1	4.1	1	16	7.2	13	-127	76	94	50	55	254	2188	2	17	916	7	0		
Vilamor	18.0	22.6	32.0	26	13.8	6.6	1	2	0.9	25	-117	75	89	56	38	173	1759	1	10	-	4	0		

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 7

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima	Media hPa	Choiva	Xeada	
Ourense																										
A Mezquita	17.7	24.8	32.6	17	10.6	4.1	1	9	4.0	26	-188	57	82	34	76	345	2660	3	18	904	4	0				
A Trabe	19.5	26.6	34.1	18	12.6	7.2	1	16	15.7	26	-197	54	79	30	74	337	2659	3	13	930	1	0				
Alto do Rodicio	15.6	21.1	30.3	17	10.0	5.7	1	26	5.3	4	-70	76	97	51	44	203	1975	4	17	908	8	0				
Amiudal	18.0	25.4	35.3	17	11.9	7.9	1	7	2.8	25	-	71	93	46	66	302	2455	3	15	-	7	0				
As Petarelas	19.5	28.5	37.1	17	11.6	5.1	1	6	3.2	26	-	58	86	28	68	312	2557	-	-	-	4	0				
Baltar	17.4	25.7	34.5	17	8.8	2.3	12	21	11.4	25	-	61	88	31	71	323	2642	3	18	927	8	0				
Cabeza de Manzaneda	12.2	15.5	22.6	24	8.1	0.4	1	15	5.7	26	-126	69	93	42	68	310	2558	5	21	829	7	0				
Calvos	15.6	24.0	34.0	17	6.2	1.0	1	12	9.3	26	--	74	99	43	-	-	-	2	12	-	7	0				
Casaio	16.4	22.0	29.6	17	11.5	4.2	1	24	10.9	26	--	59	81	36	-	-	-	1	17	-	6	0				
Corzos	15.0	22.3	30.4	17	8.1	0.9	1	6	3.1	26	--	70	95	45	-	-	-	2	12	-	6	0				
Entrimo	18.2	25.2	35.4	17	11.7	5.6	1	14	4.7	26	-	64	88	39	66	303	2436	-	-	-	6	0				
EVEGA Leiro	20.4	31.1	40.8	17	11.1	6.1	1	11	6.4	26	-	66	95	32	-	-	-	1	--	1006	6	0				
Gandarela	18.4	26.5	36.4	17	12.1	7.6	1	7	4.7	26	-158	69	92	40	64	295	2279	3	15	948	5	0				
Lardeira	14.2	19.9	28.2	17	9.2	1.5	1	23	10.4	25	-137	71	94	46	67	306	2467	4	24	842	6	0				
Larouco	19.6	27.9	37.1	17	12.4	6.6	1	13	5.6	25	--	60	86	31	--	--	--	1	10	-	5	0				
Laza	19.3	27.8	36.7	17	11.2	6.6	1	21	14.8	25	-142	64	92	34	61	280	2618	2	13	-	4	0				
Monte Medo	17.9	25.3	34.3	17	10.8	7.1	1	13	3.8	26	-	69	96	38	66	304	2507	-	-	-	6	0				
Montederramo	15.1	22.1	31.1	17	7.8	1.7	1	16	10.7	26	-	75	96	47	-	-	-	1	23	911	5	0				
O Invernadeiro	17.1	25.7	33.9	17	8.4	2.3	1	9	5.8	26	-167	60	85	33	70	321	2384	2	13	904	4	0				
Oímbra	20.4	28.9	37.5	17	10.9	4.6	1	33	17.9	25	--	59	91	30	-	-	-	2	12	974	3	0				
Ourense	21.1	30.0	39.4	17	13.2	7.3	1	11	8.6	25	-	60	88	31	-	-	-	-	-	-	5	0				
Ourense-Ciencias	20.8	28.3	38.2	17	14.2	8.4	1	7	5.9	25	-169	63	87	38	64	292	2336	2	15	999	4	0				
Pazo de Fontefiz	18.9	26.4	35.9	17	12.6	6.9	1	6	5.2	26	--	66	88	39	59	268	2349	1	--	972	5	0				
Ponte Boga	19.1	26.8	35.8	17	12.7	7.2	12	9	5.6	26	-	63	85	36	-	-	-	2	12	964	3	0				
Prado	20.2	28.9	38.6	17	12.5	8.3	12	14	12.4	26	--	65	90	37	-	-	-	1	7	-	3	0				
Remuíño	20.3	30.3	40.9	17	11.9	6.6	1	4	2.4	7	-	70	96	37	-	-	-	1	11	-	5	0				
Riós	18.4	26.4	34.8	17	11.0	4.9	1	7	5.8	26	-161	66	93	39	59	269	2473	1	11	-	3	0				
San Xoán de Río	15.6	22.2	31.0	17	10.1	2.9	1	10	2.9	25	-146	77	97	50	65	299	2454	4	17	903	13	0				
Serra do Eixe	15.3	21.3	29.9	17	10.1	3.4	1	20	6.2	5	-137	69	90	42	63	290	2545	3	20	882	8	0				
Tioira	17.1	25.4	34.3	17	8.3	4.4	16	29	14.3	26	--	72	96	42	-	-	-	1	9	-	5	0				
Verín-Vilamaior	19.7	28.3	36.8	17	11.9	5.9	1	29	20.8	25	-167	63	90	35	73	335	2634	2	19	956	2	0				
Verín-Vilela	19.0	28.7	37.5	17	8.6	1.8	1	29	22.4	25	-	68	97	36	74	336	2594	2	16	-	3	0				
Viana do Bolo	17.6	25.7	34.0	17	10.0	4.5	1	2	2.2	26	-175	66	92	37	71	325	2529	2	13	922	2	0				
Xares	12.9	17.4	25.1	17	8.4	1.0	1	25	11.2	26	-133	66	90	43	69	318	2553	5	24	828	11	0				
Xares	12.9	17.4	25.1	17	8.4	1.0	1	25	11.2	26	-133	66	90	43	69	318	2553	5	24	828	11	0				
Xinzo	18.0	27.3	36.5	17	8.6	4.6	12	5	3.0	26	-169	68	96	37	65	299	2443	2	11	-	4	0				
Xurés	16.4	22.0	31.0	17	10.9	4.4	1	29	20.6	26	-137	71	94	47	68	310	2480	3	18	900	7	0				

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 7

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2 Med Abs Día	BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión Media hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día			Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima		Choiva	Xeada
Pontevedra																							
A Granxa	19.5	26.8	36.5	17	12.2	7.2	1	3	1.6	7	-111	71	92	45	48	222	2044	1	16	-	5	0	
Areas	19.2	25.3	35.2	17	13.6	9.6	1	20	8.4	13	-	75	94	53	-	-	-	1	10	-	6	0	
Areiro	18.7	23.5	32.9	17	14.2	10.4	1	7	3.3	7	--	73	87	55	--	--	--	1	14	-	4	0	
As Eiras	18.9	24.7	36.1	17	13.4	9.0	1	14	6.2	13	-147	76	95	54	64	294	2423	1	9	-	6	0	
Caldas de Reis	18.0	24.2	34.5	17	13.1	9.1	1	27	10.6	13	--	77	98	52	57	260	2170	-	-	987	7	0	
Camanzo	17.9	24.2	34.2	17	12.1	6.9	1	26	13.0	25	--	74	93	51	-	-	-	2	28	995	17	0	
Castro Vicaludo	17.1	20.2	31.0	17	13.8	9.6	1	22	5.8	7	-125	78	91	63	67	305	2366	3	15	964	7	0	
Castrove	17.6	21.5	31.3	17	13.6	10.1	1	49	19.0	13	-100	75	89	57	63	291	2288	4	19	969	7	0	
Cequeñifios	20.3	27.9	37.8	17	13.7	8.8	1	19	7.8	27	-149	73	98	42	--	--	2298	2	10	-	9	0	
Corón	18.7	22.7	32.7	17	15.3	11.9	1	26	11.4	7	-133	75	88	56	66	305	2383	5	16	1017	6	0	
Entenza	19.7	26.7	36.9	17	13.2	8.1	1	13	5.4	7	-157	74	97	49	64	294	2466	1	7	-	7	0	
Fornelos de Montes	17.2	21.3	30.7	17	13.1	8.0	1	48	16.8	13	-91	74	89	58	59	271	2136	3	17	938	7	0	
Illas Cíes	18.0	20.9	30.9	17	15.3	13.3	15	10	6.0	7	-130	81	92	69	63	287	2367	3	17	-	3	0	
Louredo	17.7	23.4	33.6	17	12.1	7.5	1	7	2.9	13	-	76	94	54	-	-	-	1	23	990	5	0	
Lourizán	18.9	24.6	33.4	17	14.4	9.7	1	24	9.4	7	-122	79	88	51	59	272	2201	1	8	1012	7	0	
Meder	19.9	27.0	36.4	17	13.7	8.9	1	4	1.4	7	--	69	90	44	-	-	-	1	13	1001	7	0	
Monte Aloia	17.8	22.9	32.8	17	13.5	9.3	1	27	11.0	7	-113	73	88	55	45	206	2033	2	11	963	6	0	
Mouriscade	16.4	23.6	33.2	17	9.2	4.0	1	19	4.6	5	-140	76	92	54	62	286	2458	2	15	961	12	0	
O Viso	18.4	23.7	33.8	17	13.7	10.1	1	24	11.1	13	-131	76	92	58	66	303	2328	3	12	988	5	0	
Ons	17.1	20.5	30.2	17	14.2	11.8	1	33	13.8	7	-107	82	93	69	67	308	2521	5	16	1005	10	0	
Pereira	16.3	21.8	31.4	17	11.2	7.3	1	54	15.0	13	-	82	98	58	59	272	2275	-	-	937	11	0	
Queimadelos	19.4	26.5	35.8	17	13.7	9.2	1	30	12.2	13	-108	74	91	53	51	232	2028	1	10	977	7	0	
Rebordelo	17.3	23.1	32.7	17	10.5	5.3	1	47	18.6	13	-	78	96	57	62	282	2250	-	-	977	11	0	
Sanxenxo	18.9	23.6	34.2	17	14.8	11.5	12	29	9.4	7	-127	76	90	58	60	275	2329	2	10	1015	7	0	
Serra do Faro	15.4	20.5	31.1	17	10.7	4.6	1	26	7.9	25	-113	76	96	55	58	268	2157	4	16	907	9	0	
Soutomaíor	18.7	24.0	34.2	17	13.7	9.5	1	6	2.4	13	--	71	87	52	-	-	-	1	16	-	4	0	
Torrequintás	18.8	24.6	34.8	17	13.6	8.7	1	6	2.9	7	-146	71	89	50	57	263	2184	1	11	1011	5	0	
Tremoedo	18.6	24.0	33.1	17	13.4	9.2	1	9	4.8	7	--	73	90	52	--	--	--	1	9	-	5	0	
Vigo	19.0	23.4	33.3	17	14.7	10.2	1	21	6.6	7	-	73	90	55	-	-	-	-	-	-	6	0	
Vigo-II Marinas	18.9	22.2	31.5	17	15.9	13.0	1	17	5.7	4	-141	74	88	59	68	310	2376	3	13	1016	6	0	
Xesteiras	15.7	19.9	31.2	17	11.7	8.0	11	73	25.2	13	-	76	92	58	-	-	-	6	19	-	17	0	

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.